



**Colección  
Meiga Moira**

# **Unha cabana na Lúa**

**Jaureguizar**

*UNHA CABANA NA LÚA*  
de  
Jaureguizar  
foi finalista no ano 2006  
do II Premio de Literatura Infantil e Xuvenil  
Meiga Moira convocado por Baía Edicións.  
O Xurado estivo composto por  
Carlos Paulo Martínez Pereiro,  
actuando como Presidente,  
Xavier Barreiro Liz, Dores Fernández López,  
Belén López Vázquez e Conchi Regueiro.

# Unha cabana na Lúa

Jaureguizar



BAÍA EDICIÓN S



**JAUREGUIZAR** naceu en Bilbao (Biscaia) no ano 1965 e traballa na sección de Cultura do xornal El Progreso de Lugo. Para rapaces asinou novelas de acción, como *Todo a cen* (1995), *Salitre* (2000) ou *A cova das vacas mortas* (Premio Fundación Caixa Galicia), ou de piratas *A rutina corsaria* (1998) e *Balea morta ou lancha a pique!* (2002). É autor tamén autor de novelas para adultos, entre os que salientan *Breve crónica universal da clase obreira* (Premio Lueiro Rey 2001), *Casa Skylab* (Premio Xerais 2003) ou *Cabaret Voltaire* (Premio García Barros).

*A Sara Jaureguizar Lombardero, para que  
coñeza os soños do seu pai, quen prefire  
que cumpra os que ten ela de converterse  
en bibliotecaria e bailarina*

# 1. O meu avó sabe voar

Soamente hai algo peor ca ter unha nai mandona como a que teño eu: que a esa nai se lle ocorra chamarte Aquilino Antonio. No meu caso, as dúas desgrazas van unidas porque o do nome foi idea dela. Ao meu pai non lle gustaba o nome, pero cando me estaban bautizando, el estaba mirando un partido de fútbol no bar de enfronte. A mamá sempre se queixa de que o papá a ignora, de que, cando non está atarefado co gando, o atopa estomballado diante do televisor para mirar deportes e quitar mocos do nariz. A miña nai nunca contaba o tempo que ela pasaba na tenda All One Euro, onde estaba contratada a media xornada, nin as horas que dedicada a cociñar noxentas lentellas. O seu traballo non contaba porque se sentía tan fachendosa que mesmo andaba co uniforme pola casa. Consistía nunha chaqueta aburridamente azul mariño, unha saia dun vermello descolorado e uns zapatos negros de Garda Civil. Como complemento, levaba unha placa de plástico co seu nome: Digna Ballón.

Pasaran dez anos dende o bautizo, pero a mamá segue sen arrepentirse. Chámame Aquilino Antonio; e dío todo seguido, dese xeito que soa a insulto. Os amigos da panda dinme de Lino, non sei se porque me queren ben ou por medo a que lles dea unha labazada. E non me digades que é un nome bonito! Son galego, de Ribadeo; dun barrio chamado O Xardín e dunha casa á que lle din do Ballón por causa do meu bisavó, que seica que se presentaba nos sitios como un golpe de choiva forte.

A miña casa é tan bonita coma grande. Podedes atopala se subides cara ao monte de Santa Cruz. É un casal illado con unha nave para as vacas. Está dividido en dúas partes; a máis vella construíuna o meu avó, Salustiano Ballón, e que é pai do meu pai, Emilio Ballón. A familia toda vivía aló antes de que eu nacera. O avó aínda continúa no lado vello pese a que os meus pais engadiron unha parte nova á casa. Os porcos e as galiñas ficaron canda el, na corte. El vive enriba deles nunha habitación da parte antiga da casa, que nós chamamos A Casa Vella. O meu gato, Garfield, máis negro có chocolate da Nocilla, dorme ás veces onda el e outras comigo. O que si fai Garfield é almorzar, xantar, merendar e cear dúas veces: quita a fame co penso reseco que lle ofrece a miña nai e goréntase a seguir co salchichón do que o fornece o meu avó.

Eu prefiro a parte nova, ten unha fachada de ladrillo visto ben lucida. Debo confesarvos que, para min, que non a fixo o meu pai. Seguro que lla encargou a alguén. El é incapaz de colocar un

enchufe. Certo que na Casa Vella, no que chamamos a Casa Vella, está o meu avoíño. Mais na parte nova, na Casa Nova, agardan por min a Playstation, o monopatín e a pelota de baloncesto asinada polos xogadores do equipo local, o Ría de Ribadeo. Mamá prohibiume quitalos da casa por se se me estragan. Os da panda chamamos *comandante en xefe* ao meu avó porque foi militar e estivo loitando coma voluntario na División Azul contra os comunistas rusos. Aló aprendéronlle a ler e a escribir e tamén moitas cousas sobre Matemáticas. Pouco hai sobre Coñecemento do Medio que non saiba contestar porque foi labrego ata coller o retiro. El ocúpase de facerme os deberes do colexio. A cambio, eu atendo ao seu aparello de radio, un armatoste alemán que trouxera da guerra e no que pretende que escoite as mensaxes que intercambian os comunistas e os árabes para invadirmos. Expliqueille ben de veces que a URSS xa non existe e que o comunismo acabara na Rusia.

—Ben sei, neno —confirmaba o noso comandante en xefe—; ben sei que agora teñen a ese que lle chaman Yeltsin, pero nunca te fíes dun bolxevique. Mira para esta perna, deixáronma inútil por confiar nun soldado que me prometera un vodka caseiro cando estabamos cerca de Stalingrado. Aínda que el acabou peor ca min.

—Avó, non sei como lle din ao novo que manda na Rusia, pero non é Yeltsin. É Putin, ou algo así.

—Botaron a Yeltsin? O que eu che dicía! Foron eses *roxos!* Pois caíame ben ese home: sabía beber



como ten que facelo un home, manténdose en pé sempre.

—Iso é malo, avó. E ti deberías beber menos.

—Non me veñas con sermóns, que non che acabo os deberes! Cada día imitas máis á túa nai! Aténdenme á radio! Un soldado non debe permitirse nin un segundo de lecer!

Cando a avoa morreu, miña nai propúxolle ao avoíño que fose vivir á nosa parte da casa. O vello contestou que da súa habitación non o quitaban nin os coros do Exército Ruso e recluíuse no faiado. Certo que mamá pouco insistiu porque non atura o vello e certo que el prefire subir de cando en vez ao tellado a colocar lousas que aturala. Malia non que-rérense ver diante, ela visítao todos os días para limpar, estirarlle as sabas e as mantas e levarlle a comida; aínda que o vello lla rexeita e coce na súa estufa de campaña as verduras que apaña na horta.

O que si apoiaba o avoíño era as nosas reivindicacións sobre A Lagoa. A Lagoa, ademais de augas toldas, abeiraba unha morea de ras gordas coas que faciamos experimentos científicos, como pórllas petardos para rebentalas ou meterlles descargas eléctricas. A Lagoa achábase a media distancia entre as nosas casas e o cuartel da Garda civil, onde vivían os nosos rivais: Os Pícolos, a manda de fillos dos gardas civís. Eles afirmaban que aquelas augas lles pertencían e nós viviamos certos de que era nosa. Os da miña panda defendiamos a nosa propiedade alegando que estabamos no barrio do Xardín antes de que eles chegaran, malia termos agora soamente dez

anos; ao que os Picolos respondían que o buraco no que se formara tras se encher coa choiva se escavara para os alicerces da casa cuartel, aínda que logo se optou por facela máis aló.

O malo era que, pese a termos razón, gañaban eles cando pelexabamos. Os Picolos eran máis de trinta e nós quedabámonos en catro –xunto comigo, formaban a panda Anxo, Tucho e Furafolas–. Por se fose pouco, o seu líder, Ramón O Navallas, cumprira os catorce anos, medía case que 1,90 e, cando se enfadaba, quitaba unha navalla que imitaba un coitelo de cociña.

Furafolas, a quen chamabamos así porque corría coma un coello que bebera catro Coca-Colas pese a levar unha perna de plástico, roubara nas obras do cuartel unhas táboas. Tucho, o máis habelencioso de nós, fixera a cabana na que nos atopabamos. Agochado entre unhas silveiras ben altas, O Pentágono –como lle dicíamos ao noso cabaneltiña un chan de palla certamente cómodo. Faltaba Anxo, o chapón da panda, a quen os seus pais apuntaran nunhas clases de informática; a nós aledounos a iniciativa máis que a el porque así nos aprendería o PC Fútbol.

Ao tempo que nos facía de ladrón, Furafolas destacaba polas súas calidades como espía. Despois de nos xuntar no noso cuartel xeral de operacións –a cabana, logo–, anunciounos que, mentres el collía grilos nos arredores da Lagoa, foi sorprendido polos Picolos. Ao repararen en que andaba preto deles, os nosos rivais empezaron a mexar na auga e a berrar

que eran os donos da Lagoa e facían o que lles petaba.

—Temos que actuar! —apuntou Tucho, indignado—. Esa Lagoa sempre foi nosa. O seu territorio empeza máis aló. Levan acó tres anos e queren quedar con todo!

Furafollas interveu con timidez:

—Eles din que ese buraco se abriu para poñer os alicerces do cuartel.

—Esa zona é O Xardín, é o noso barrio; así que se deixen de historias —sentencieí—. De todos xeitos, teremos que recorrer á forza para que o comprendan. Enviaremos un emisario para declararlles a guerra.

—Pero eles son moitos máis! Vannos dar unha boa malleira —comentou Anxo.

Mirei para a caixa do televisor Grundig que viñan de mercar os meus pais na que pintamos a palabra *Arsenal*. Contiña *walkie-talkies*, mapas do barrio, arcos con frechas, espadas de pau, tiracoios de tecnoloxía punta, bolsas de pebidas de xirasol recheas de area etc. A maiores, comprara unhas bombas fétidas.

—Certo que eles son vinte ou trinta, que nós sumamos catro, pero estamos moito mellor armados ca eles.

Cada vez que se nos esganaba un arma, Tucho acudía a carpintaría do seu pai e a montaba outra. Iso explicaba que, malia a diferenza de continxentes bélicos, non nos deixamos amedrentar polos Pícolos.

—E se aparece O Navallas? —repuxo Anxo temeroso.

—Seica O Navallas entrou de aprendiz na cristalaría de Maseda e sae ás oito. Citarémolos ás seis e media, despois de que remate o colexio, e teremos marxe abonda.

Aquel mediodía regresei do colexio canso e tamén preocupado. Os meus amigos daban por suposto que sería eu, Aquilino Antonio Ballón Regueira, quen dirixiría o Exército do Xardín na batalla contra os fillos dos gardas civís. Quedaramos ás seis e media para lles demostrar a eses descarados a quen pertencía A Lagoa e que soamente nós podíamos coller ras ou grilos ou o que nos petase nela e restaba unha hora.

Os meus compañeiros obedecíanme sempre. Ignoraban que eu non son Shongoku, de que soamente teñen por líder a un neno de dez anos. Certo que nunha ocasión tiven a valentía de facer estourar un petardo ao paso do Dous Cabalos que conducía dona Desirée e que rimos a esgalla cando a miramos deterse e baixar temendo que pinchara, pero iso non me liberou de que me suspendera Coñecemento do Medio, como sempre.

No mediodía aquel reparei en que, quizás, me viría ben ter un bo coñecemento do medio porque calculaba que os nosos inimigos eran moito máis. Era consciente de que se perdíamos non contaría-

mos logo con bechos que ceibar nas clases de dona Desirée. A responsabilidade fixo que durmira escasamente na noite anterior. Espertara suando, polo que baixei á neveira na procura da miña Coca-Cola. Unha vez na cociña, descubrín sobre o microondas unha cazola ateigada das noxentas lentellas que cociña a miña nai. Belisqueime o nariz para poder mirar dentro. Collín a ola e guindeinas pola cunca do váter dicíndolles adeus cun tirón da cadea. Logo quitaría a fame cos Donuts que agochaba no meu cuarto.

A seguir, achegueime á sala, onde esperaba que estivese o meu pai reflexionando, co dedo dentro do nariz, sobre o seu gran problema desa semana: “Quen substituirá ao adestrador de Depor no caso de que o cesen?”. Efectivamente, acheino estomballado no sofá coa camisa a cadros cubríndolle os calzóns brancos e parte das coxas peludas. Adoitaba quitar o pantalón na casa para se sentir máis a gusto. Nunca foi moi espelido, pero sabía moito de fútbol e de seguro me ofrecería unha solución estratéxica para vencermos na nosa batalla. Antes de comentarllo, tiven que quitarlle os cascos da radio das orellas e a man do nariz. Apaguei co mando o Canal + e esper-teino.

—Meu fillo —comentou unha vez escoitado o meu requirimento—, o importante nesta vida é ser valente xogando ao ataque. Eu, se fose ti, e falo de home a home, apostaría por un 3-4-3 con un punta nato. Un deses que amola ao porteiro deseguido. Sabes como che digo, non?

—Sei, papá; pero para iso teríamos que sermos once e somos catro.

—Entendo –aceptou moi serio, tan serio como o día no que empezaron a botar partidos nas mañás dos sábados e anuncioulle á mamá que non podía acompañarme á catequese.

Tras dicir iso, reconcentrou e empezou a mover a man no aire como se debuxara movementos de xogadores nunha lousa.

—E pensaches nun *carrileiro* que suba rápido pola banda? É algo anticuado, pero...

—Grazas, papá –contestei desolado.

O fracaso do recurso ao meu pai case me provoca o choro, pero lembrei que o noso comandante en xefe andara por Rusia na División Azul. Saín da nosa parte da casa evitando pasar pola cociña, malia sentirme esfameado, para aforrarme que a miña nai me berrase con voz de corvo afónico: “Aquilino Antonio! Non verías ti unhas lentellas que iamos xantar hoxe e que deixara sobre o microondas, non?”. Fun onda o meu comandante en xefe, Salustiano Ballón. Subín as escaleiras e, cando entrei no faiado, fun incapaz de atopalo. Mirei por todo o cuarto, debaixo da cama... ao volverme cara á porta, apareceu entre os meus ollos o extremo dun mango. Tratábase da vasoira e o avó apuntábame con ela.

—Ah! Es ti, neno! –confirmou mentres se tranquilizaba baixando a súa arma e quitando o casco—. Pensei que viña esa bruxa que pretende envelenarme

con comida –aclarou en referencia a súa nora, a miña nai–; sabe perfectamente que non aturo que me anden remexendo na habitación. Estaba facendo unhas manobras –explicou sen que lle preguntara–... nunca se sabe cos carallos dos comunistas. Pero ven, senta onda min na cama e cóntame o que che preocupa.

O comandante en xefe, Salustiano Ballón, apartou a Garfield, quen botaba unha sesta para dixerir o salchichón que lle dera o vello na súa segunda merenda. Informei ao vello soldado das miñas inque-danzas bélicas durante case unha hora. Grazas a esa conversa, descubrín que había clases que resultaban divertidas: unha delas era na que ensinaban as bata-llas. A sesión rematou cando sentín a voz rasposa da miña nai berrando dende o pé das escaleira: “A comer!”. Deducín que agardaban por min para comer e, ás présas, despedínme do avoíño.

Os meus pais estaban sentados á mesa. Papá mirando os deportes en Tele 5 e a miña nai queixán-dose da familia que lle mandara Deus. O que a amo-laba aquel día era que a desaparición das lentellas atrasara o xantar e que o seu home non lle deixaba mirar a telenovela *Pobre diabla*, que comezara xa. Enchín o meu vaso con Coca-Cola antes de ocupar o meu sitio; fronte ao meu pai, xunto ao televisor, que parecía un convidado cotián. No centro da mesa, mamá pousara unha fonte pechada que contiña o substituto das lentellas.

—Tanto fútbol! Tanto fútbol! –continuaba pro-  
testando a miña nai–. Nesta casa non se fala nin á  
hora de xantar...Aquilino! Queres quitar os cóbados

da mesa? Virxe de Vilaselán! Para que gastaremos tanto en que sexas estudado? Xa sei que odias as lentellas –recoñeceu mentres me servía da fonte–, pero tes que comelas, que recomendou Torreiglesias na Primeira lentellas unha vez á semana. Emilio, ti sabes algo das lentellas que fixen onte? Non as atopei –proseguíu falando sen darme tempo a contestar–, así que tiven que facer outras a todo correr, coa pota a presión... nin sei como quedaron. Están duras? Aquilino! Serás quen de comelas sen necesidade de que che ameace con quedar na casa?

—Si, mamá –contestei coa boca chea.

—Nunca tal vira!

—Non me fales, que perdo a concentración –espeteille, desconcertándoa.

Trataba de que entendese que me resultaba imposible falar ao tempo que beliscaba o meu nariz para engulir as culleradas. Tras cada trago, comía un anaco de pan e bebía un grolo para quitar o mal sabor. O avó Salustiano informárame de que debía comer de todo, incluso comidas tan noxentas como garavanzos, fabas ou lentellas, para converterme nun soldado valente. Recoñeceu que na fronte rusa os seus camaradas e mais el chegaran a paparen cascudas fritidas con salsa de tomate a falta doutra cousa.

Trinta minutos antes da cita cos Picolos, Furafolas e Tucho formaban na aira da miña casa. Vestían o uni-



forme de combate, tal e como lles mandara. Seica a Anxo lle resultou imposible achegarse porque non podía faltar ás clases de informática. A nai sentaba no fondo da aula dende que o profesor a informara de que o seu fillo dedicaba as clases a argallar no PC Fútbol.

Pasei revista ás miñas tropas para confirmar que trouxeran os escudos de contrachapado, os arcos e as frechas. Mirei tamén os tiracoios, as bolsas de pebidas de xirasol cheas de area e os radiotransmisores. O transmisor de Tucho facía contacto grazas a unha cinta illante vermella. Todos sentiron envexa do que me regalaba o comandante en xefe, que era de verdade. Unha vez confirmado que estaban preparados, chamei polo meu avó. Pouco tardou en presentarse co seu uniforme alemán. Cargaba coa vasoira das manobras no seu dormitorio e unha botella fedorenta na man.

—Sarxento Aquilino Ballón! —berroume moi serio, como se nunca antes faláramos. O seu bradido acadou tal solemnidade que ata me prestou que me chamara polo meu nome completo, algo que me irritaba tanto que soamente se atrevía facer a miña nai.

—Señor? Presente, señor! —respondín como aprendera nunha película de guerra en branco e negro.

—As tropas están preparadas para entrar en combate, sarxento? —preguntou sen mirar sequera aos meus amigos.

—Si, señor! Preparadas, señor! —confirmei inchando o peito coma un canario ledo.